

**SARABELA
TEATRO**



**A CELEBRACION
A GRAN NOITE**

· SINOPSE:

Nesta celebración vai pasar algo importante, ten que pasar algo moi importante, porque está anunciado por terra, mar e aire, porque asalta os nosos ollos e os nosos oídos, porque chegar a ese cóctel é entrar no mundo do luxo, e o luxo non é unha cuestión de cartos, é unha cuestión de gusto, de saber estar, de saber ser... persoa.

Hai que estar na fotografía do evento, onde están todas aquelas persoas que merecen a pena. E así, unha multitude de invitados e de non invitados achéganse ás portas do macroespazo onde ten lugar o evento, a celebración, o gran cóctel. Esquecer as miserias cotiás por estar aí un momento, por sentirse convidado na gran festa.

Así pois, que deben facer agora? Agradecer que as tiveran deixado entrar ou reivindicar o seu dereito a participar na celebración. Se cadra chegoulles o momento de loitar, de ocupar a cabeceira da mesa.

A OBRA:

CELEBRACIÓN

O horizonte de eventos

é un punto de non retorno,

unha fronteira arredor dun buraco negro

a partir da cal a forza da gravidade é tan forte que nada, nin mesmo a luz, pode escapar.

Unha comedia sobre o asalto ao poder.

Celebración centrará a súa acción no contexto dos actos espectaculares (artísticos, deportivos, políticos, comerciais...). Por un lado, porque resultan eficaces expresións das necesidades, prexuízos, valores e aspiracións colectivas; por outro, pola súa dramaticidade, xa que neles se recorre adoito á segregación, a represión, o dogmatismo, a exhibición, a manipulación ou a belixerancia, pese a promoveren estados anímicos hipoteticamente positivos.

A través de Celebración presentárase unha alegoría sobre o totalitarismo que emerxe tras os procesos de exclusión social e tras a delimitación de fronteiras entre clases privilexiadas e desfavorecidas. A obra explora a impotencia, o medo e a violencia que se xeran nos procesos de restrición de dereitos, así como os mecanismos que, desde os espectáculos de masas, lexitiman esas decisións.

• A DRAMATURXIA DO ESPECTÁCULO:

Na entrada a O evento, un tenue fio musical. Catro anfitriñas e un anfitrión, vestidos con elegancia, reciben os espectadores amabelmente, revísanlles as entradas e acompañanos ao espazo onde terá lugar o acto. Mentres, na entrada medra un balbordo indefinido. Sen estar todo o público acomodado, pecharanse precipitadamente os accesos. O balbordo da entrada segue aumentando. Continúa a ouvirse o fio musical xunto con instrucións que agora se dan á xente congregada fóra. Escóitanse diversas voces que, nun ton agre, reclaman entrar. Protestan pola súa exclusión da Celebración.

As anfitriñas piden desculpas por ese rebumbio do exterior. "Non pensabamos que o interese que suscitara este evento sería tan convulso", di unha. "Tampouco sería a primeira vez que isto acontece", di outra, provocando incomodidade nas súas compañeiras. "Ben", atalla outra máis, "manteñamos a calma. Se todo vai ben, nuns minutos poderemos comezar. Para o noso benestar, é moito mellor que non saturemos este espazo". Indícase entón que se están ofrecendo solucións ás persoas que non puideron entrar. "Comprenderán vostedes que non todo o mundo pode

asistir. Celebración perdería a súa razón de ser." Danse entón exemplos de restricións, de benéficas fronteiras que limitan o acceso das persoas a certos bens ou servizos. "É doloroso saber que aí fóra pode estar xente coñecida, mesmo xente que apreciamos; persoas que non entenden por que nós estamos aquí e elas están aí. De todos modos, non se preocupen; queremos que saiban que elas poderán gozar d'O evento noutra ocasión".

Desde fóra chegan entón uns inquietantes berros, un arrepiante estrondo e, finalmente, o silencio. Nada se ouve. Entre as anfitriñas xorden mostras de intranquilidade. Ante as dúbidas sobre como actuar ante esa posíbel ameaza, deciden permanecer no teatro. Indícase que, por se acaso existe algún risco, é mellor ficar dentro. Non obstante, unha voz discordante -a Moza- quere escapar. As outras retéñena. A Moza expresa con nerviosismo que, de existir algunha ameaza, esta atópase entre as asistentes a Celebración. E fai mención do que ocorreu nun evento anterior. O resto de anfitriñas intentan que cale, mais a alteración da Moza failles imposíbel controlala.

Para distenderen a tensión, e xa que o evento previsto non pode ter lugar, as anfitriñas intentarán ofrecer un espectáculo alternativo para pasar mellor o momento. As escenas improvisadas que irán desenvolvendo serán alteradas polos ameazantes sons que irán vindo paulatinamente do exterior. Mais a presenza do público irá levando as anfitriñas a unha progresiva transmutación. Irán converténdose en carne de escenario.

Finalmente, aínda que a situación no exterior semella tranquila, as anfitriñas non dan por rematado o encontro. Son conscientes de que a Celebración creou nelas unha forza destrutora, outorgoulles un perigoso poder. E ante o risco de que esa capacidade se desborde, verán necesaria unha solución última: O evento definitivo.

REPARTO ARTÍSTICO E TÉCNICO

INTÉRPRETES:

ELENA SEIJO,
FERNANDO DACOSTA,
FINA CALLEJA,
SABELA GAGO
NATE BORRAJO

Diseño de escenografía:
JOSÉ FARO

Diseño de iluminación:
BALTASAR PATIÑO

Diseño de vestuario:
RUTH D. PEREIRA

Maquillaxe e caracterización:
RAQUEL F. FIDALGO

Diseño gráfico:
EXPRESIVA

Espazo sonoro:
RENNATA CODDAFONS

Gravación e DVD:

ALBA V. CARPENTIER

Distribución:

FINA CALLEJA/ MARÍA CASAR

Producción artística e económica:

CARLOS DOMÍNGUEZ DEL RÍO

Técnicos en escena:

RUBÉN DOBAÑO, J.M. BAYÓN

Tradución:

NATE BORRAJO

Dramaturxia:

FERNANDO DACOSTA

Dirección:

DANI SALGADO

*Interese cultural
e artístico, relevancia
e singularidade
do proxecto.
Obxectivos.*

Acreación dun texto propio escrito a dúas mans por Fernando Dacosta e Daniel Salgado tomará como punto de partida ao dramaturgo francés, Jean-Luc Lagarce (1957-1995), está traducido a unha quincena de idiomas, co tema da exclusión e a necesidade de pertenza a un grupo como eixe temático.

A idoneidade deste texto para ser representado está avalada pola súa contemporaneidade, cunha linguaxe e estilo familiar, do gusto do espectador/a de hoxe.

Un dos trazos máis atractivos do espectáculo residirá na contínua pasaxe de situacións que explotan a comicidade, o patetismo. A nivel artístico, temos fundadas esperanzas de crear, cun equipo magnífico, un espectáculo marabilloso.

Deseñadores/as, actrices e actores moi convincentes, construírán personaxes únicos. Os seus estilos son tan bos como a obra. Un dos elementos máis singulares deste proxecto é que se afasta das montaxes "pechadas" e achéganos á performance "aberta".

Obxectivos:

- Provocar emoción. Que os personaxes, nas súas conexións cos outros, con eles mesmos, fagan faíscas, cobren vida.
- Un dos elementos máis atractivos desta obra é o traballo actoral que terá que apoiarse en diálogos matizados por un delicioso humor negro e investigar os non ditos que tamén nutren as palabras con magnetismo e frescura.
- Dende o comezo queremos vernos envoltos dentro da trama argumental de vertixe, non hai tempos mortos. Todos os personaxes atópanse inmersos de forma igualmente activa no conflito colectivo e persoal, desexamos darlle á posta en escena un marcado carácter coral.
- Emprender viaxes ao interior das emocións humanas, xerando un ritmo de desenvolvemento áxil e intelixentemente sostido.
- Transitar ao redor de temas como o clandestino, a loita pola vida, etc., mostrar o cotián, que parece extraído en ocasións do realismo fantástico.
- Habitar os espazos onde transcorre a trama.
- Crear un dispositivo escenográfico no que se detone a imaxinación de cada espectador: cada un distinto, unha mestura do que ve, do que se cre ver, do que el é por dentro. O deseño do espazo escénico de vai ser unha síntese da obra, todo está aí, e dende a dirección detéctase e suscítase converter en trazos que provoquen e se desvezan nun intre, único e irrepetible como é o teatro mesmo.
- Facer rendible o proxecto a catro niveis: artístico, económico, social e cultural.
- Manter o nivel de interese e expectación que suscitan os espectáculos da Compañía.
- Manter unha traxectoria caracterizada pola busca incesante dunha linguaxe propia. Esta proposta, fundamentalmente visual, e de fondo conmovedor, abre posibilidades excepcionais. Mantemos o núcleo central do equipo artístico, nun formato mediano con CINCO actores, axeitado aos tempos que vivimos e despois de máis de dez anos traballando nun formato grande, con oito, nove ou dez actores e actrices.

- Na actualidade temos en repertorio catro postas en escena: «O Rei Morre», «Normas para saber vivir na sociedade actual», «O secuestro da bibliotecaria» e «Ensaio sobre a cegueira». No forno, con todo preparado, “CELEBRACIÓN”. Este proxecto dános a todos incertezas e certezas. Desexamos, polo tanto, compartir esta marabillosa experiencia cos espectadores e espectadoras.

- Para todo o equipo supón un reto técnico, social, cultural e artístico: Teremos que combinar linguaxes híbridas. Son moitos os códigos que van ser empregados para levar a bo porto esta posta en escena tan suxestiva como arriscada.

Mantemos o núcleo central do equipo artístico, nun formato mediano con CINCO actores, axeitado aos tempos que vivimos e despois de máis de dez anos traballando nun formato grande, con oito, nove ou dez actores e actrices.

- Na actualidade temos en repertorio catro postas en escena: «O Rei Morre», «Normas para saber vivir na sociedade actual», «O secuestro da bibliotecaria» e «Ensaio sobre a cegueira». No forno, con todo preparado,

“O Evento”. Este proxecto dános a todos incertezas e certezas. Desexamos, polo tanto, compartir esta marabillosa experiencia cos espectadores e espectadoras.

- Para todo o equipo supón un reto técnico, social, cultural e artístico: Teremos que combinar linguaxes híbridas. Son moitos os códigos que van ser empregados para levar a bo porto esta posta en escena tan suxestiva como arriscada.

O ESTILO: O MODO

O equilibrio entre os fondos e as formas vén sendo un camiño de exploración intensa na nosa Compañía. Adoitamos traballar cos elementos esenciais e imprescindibles na espacialización; construír moitos espazos con espazos practicamente baleiros. Ás veces os universos recreados son metáforas, outras veces son metonimias, de cando en vez son contextos. Continuamos nunha liña de teatro contemporáneo xogando con variacións sobre as MIRADAS. O paso pola mutación de formas abre portas moi estimulantes para darlle á representación esa “emoción pura” no marco dunha estética que permita materializar os temas que

atravesan a obra. Todos os elementos visuais e auditivos terán que contribuír a facilitar a comunicación do mundo máis íntimo de cada personaxe ao mundo exterior na súa vertente máis social. Nesta obra coexisten realidade e delirio intercomunicados en distintas esferas. Fondo e forma tratados con atrevemento, para renovar os mitos e darlle vida ao constante dilema do teatro e a vida. san a obra. Todos os elementos visuais e auditivos terán que contribuír a facilitar a comunicación do mundo máis íntimo de cada personaxe ao mundo exterior na súa vertente máis social. Nesta obra coexisten realidade e delirio intercomunicados en distintas esferas. Fondo e forma tratados con atrevemento, para renovar os mitos e darlle vida ao constante dilema do teatro e a vida.

XOGO DOS ACTORES

Buscamos a excelencia no texto, a axilidade ategada de emoción. Para satisfacción de intérpretes e espectadores. Corpos e voces: rítmicos, nidios, transparentes. Claves da interpretación: O máis importante é que as actrices e o actor fagan orgánica esa textualidade nunha alfaia escénica, nun xogo impresionante de sensibilidade e profundidade interpretativa. Temos a certeza de que Elena Seijo, Sabela Gago, Nate Borrajo, Fina Calleja e Fernando Dacosta crearán personaxes extraordinarios, capaces de facer chegar aos espectadores trazos emocionantes dos personaxes en desdobramentos virtuosos.

Sempre buscamos o mesmo de diferente maneira: transformar o corpo en voz e o discurso en corpo e movemento. Hai unha característica común nos últimos traballos da Compañía, que dende a dirección vai ser potenciada. Trátase de abrir a obra a unha pluralidade de lecturas. A imaxe das bonecas rusas. Variacións sobre a mirada dos temas que abordamos.



DANI SALGADO

DIRECCIÓN

Vigo, 1974

Doutor en Pedagogía Institución académica: Universidade de Vigo. Data de expedición: 2017
 Cualificación: Sobresaliente Cum Laude

Diploma de Estudos Avanzados en Filoloxía Catalá
 Institución académica: Universitat Autònoma de Barcelona. Data de expedición: 2005

Diploma Superior de Estudos Especializados en Artes Escénicas
 Institución académica: Universitat Autònoma de Barcelona. Data de expedición: 2005

Título Superior en Arte Dramática. Especialidade de dirección escénica e dramaturxia
 Institución académica: Institut del Teatre de Barcelona. Data de expedición: 2002

2015 Director, co-dramaturgo (xunto con Joan Giralt) e actor na obra teatral Ganes d'udolar / Ganas de ouvear. Co-produción de Teatre Nacional de Catalunya, Centro Dramático Galego e CatroCadeiras. Estrea na Sala Tallers do Teatre Nacional de Catalunya

2008 Director na obra teatral Estigma. Produción do Centro Dramático Galego. Estrea no Salón Teatro de Compostela.

2005 Director escénico en La revoltosa e La verbena de la paloma. Produción da Orquestra Real Filharmonía de Galicia. Estrea no Auditorio de Galicia.

2004 Director e dramaturgo na obra teatral Porno. Produción do Teatre Lliure (Barcelona).

2004 Dramaturgo de Historias del tren. Produción de Focus-Serveis de l'Espectacle. Estrea no Gran Teatre del Liceu de Barcelona.

2004 Axudante de dirección na obra teatral O ano do cometa. Produción do Centro Dramático Galego

2004 Axudante de dirección na obra teatral O ano do cometa. Produción do Centro Dramático Galego

2003 Coordinador do ciclo Assajos oberts, producido polo Teatre Lliure, onde é:

- Director e dramaturgo na obra teatral El desassossec.
- Dramaturgo e intérprete na obra teatral L'estranger.
- Director e dramaturgo na obra teatral Wittgenstein.
- Director e dramaturgo na obra teatral Warholand

2003 Axudante de dirección na obra teatral Cròniques (Catalonia Splendens). Produción do. Estrea no Festival de Peralada.

2002-2003 Dramaturgo residente do Teatre Nacional de Catalunya.

2002 Dramaturgo na obra teatral El clavicèmbal. Produción do Teatre Nacional de Catalunya.

2002 Axudante de dirección na obra teatral Víctor o els nens al poder. Produción do Teatre Lliure.

2002 Intérprete en 12 diuen Shakespeare. Produción do Teatre Lliure -Barcelona-.

2001 Intérprete na obra teatral Els cavallitos. Produción do Teatre Nacional de Catalunya para o festival Sitges Teatre Internacional.

2005-actualidade- Intérprete na obra teatral Els cavallitos. Produción do Teatre Nacional de Catalunya para o festival Sitges Teatre Internacional.

2011-2015 Subdirector da ESADG

2010-2011 Xefe do Departamento de Mobilidade e Transición da ESADG.

2008-2009

2005-2007 Xefe do Departamento de Dirección escénica da ESADG.

PUBLICACIÓNS

Salgado, D. (2007). De Slavianskis e furanchos. Revista Galega de Teatro, nº 51, pp. 14-17.

Salgado, D. (2007). Un grand amour du métier. Revista Galega de Teatro, nº 50, pp. 47-50.

Salgado, D. (2007). La direcció d'actors segons Stanislavski. Estudis Escènics, nº 32, pp. 11-43.

Salgado, D. & Solveira, R. (2007). A conduta motivada através do teatro. J. Dantas Lima Pereira, M. F. Vieites & M. de Sousa Lopes (coord.). Animação, Artes e Terapias. Amarante: Intervenção, pp. 259-268.

Salgado, D. (2006). Notas sobre a acción. Revista Galega de Teatro, nº 46, pp. 10-13.

Salgado, D. (2006). A dirección de actores. Vigo: Galaxia.

González Salgado, D. (2006). O proxecto de escenificación. M. F. Vieites (ed.) Manuel Lugrís Freire. Do texto ao escenario. Vigo: Galaxia, pp. 263-281.

Domínguez Dapena, C.; González Salgado, D. & Solveira, R. (2006). O traballo co corpo, coa voz e coa palabra. M. F. Vieites (ed.) Manuel Lugrís Freire. Do texto ao escenario. Vigo: Galaxia, pp. 237-262.

Salgado, D. (2003). Bagdad. AA.VV. Monòlegs. Vint monòlegs d'autors catalans contemporanis. Barcelona: Associació d'Actors i Directores Professionals de Catalunya, pp. 85-88.

Salgado, D. (2002). El clavicèmbal. D. Plana, D. Salgado & N. Labute. Paradís oblidat. El clavicèmbal. Excés (escenes dels darrers dies). Barcelona: Proa, pp. 81-138.



• O AUTOR

CURRÍCULUM DE ESCRITA E DRAMATURXIA

FORMACIÓN ACADÉMICA:

- Licenciado en Filloxía Hispánica pola USC
- Cursos de doutoramento e memoria de investigación de doutoramento en Literatura española e Teoría da literatura pola UNED
- Doutor en Linguas modernas e Literaturas comparadas pola UEX
- Cursos de formación dramática con Sergi Belbel, Zulema Moret, Albert Boadella

DRAMATURXIA E TEXTOS PROPIOS

2017: A última cornixa do mundo
Dramaturxia inspirada na novela 'Océano mar' de Alessandro Baricco. Posta en escena pola Aula de Teatro Universitaria de Ourense 'Maricastaña'

2016: Demediado
Dramaturxia inspirada na novela 'O Vizconde demediado' de Italo Calvino. Posta en escena pola Aula de Teatro Universitaria de Ourense 'Maricastaña'

2015: III
Dramaturxia a partir de 'Ricardo III' de William Shakespeare. Posta en escena pola Aula de Teatro Universitaria de Ourense 'Maricastaña'

2014: Café liberdade
Escrita orixinal. Posta en escena pola Aula de Teatro Universitaria de Ourense 'Maricastaña'

2013: Suicidio colectivo con encanto
Dramaturxia inspirada na novela 'Delicioso suicidio en grupo' de Arto Paasilinna. Posta en escena pola Aula de Teatro Universitaria de Ourense 'Maricastaña'

2012: Un novo mundo feliz

Dramaturxia inspirada na novela 'Un mundo feliz' de Aldous Huxley. Posta en escena pola Aula de Teatro Universitaria de Ourense 'Maricastaña'

2011: Leve, a nada entre as mans

Dramaturxia inspirada na novela 'Seda' de Alessandro Baricco. Posta en escena pola Aula de Teatro Universitaria de Ourense 'Maricastaña'

2010: Odisea espacial

Dramaturxia inspirada nas novelas '2001, unha odisea espacial' e '2010, odisea 2' de Arthur C. Clarke. Posta en escena pola Aula de Teatro Universitaria de Ourense 'Maricastaña'

2009: Hide, oculto

Dramaturxia inspirada na novela 'O estraño caso do Dr. Jekyll e Mr. Hyde' de R. L. Stevenson. Posta en escena pola Aula de Teatro Universitaria de Ourense 'Maricastaña'

2008: El equipaje

Dramaturxia inspirada na novela 'El equipaje del rey José' de Pérez Galdós. Posta en escena pola Aula de Teatro Universitaria de Ourense 'Maricastaña' para a Sociedade Estatal de Conmemoracións Culturais.

2008: Pinokia

Dramaturxia inspirada na novela 'Las aventuras de Pinocho' de Carlo Collodi. Posta en escena polo grupo Trécola

2008: 84

Dramaturxia inspirada na novela '1984' de George Orwell. Posta en escena pola Aula de Teatro Universitaria de Ourense 'Maricastaña'

2007: O Viaxeiro

Dramaturxia inspirada na novela 'O Principiño' de Saint-Exüpery. Posta en escena para o grupo ArsActus. Arte no Camiño

2007: Unicornio

Escrita orixinal. Posta en escena pola Aula de Teatro Universitaria de Ourense 'Maricastaña'

2006: A escada dos tempos

Escrita orixinal. Posta en escena por Sarabela Teatro

2006: Encerradas

Dramaturxia inspirada en 'La casa de Bernarda Alba' de García Lorca. Posta en escena polo grupo Trécola

2006: Humpf

Escrita orixinal. Escena Teatral publicada en Indo entre liñas da Universidade de Vigo

2006: Camiño da fama

Escrita orixinal. Posta en escena polo grupo Teatro Mutante

2006: Rampante

Dramaturxia inspirada na novela 'O Barón rampante' de Italo Calvino. Posta en escena pola Aula de Teatro Universitaria de Ourense 'Maricastaña'

2005: Frankenstein

Dramaturxia inspirada na novela 'Frankenstein' de Mary W. Shelley. Posta en escena pola Aula de Teatro Universitaria de Ourense 'Maricastaña'

2004: Totem

Dramaturxia inspirada na novela 'O Señor das moscas' de William Golding. Posta en escena pola Aula de Teatro Universitaria de Ourense

2003: O despertar

Dramaturxia a partir de 'Despertar de primavera' de Frank Wedekind. Posta en escena pola Aula de Teatro Universitaria de Ourense 'Maricastaña'

2002: Fahrenheit 451

Dramaturxia inspirada na novela 'Fahrenheit 451' de Ray Bradbury. Posta en escena pola Aula de Teatro Universitaria de Ourense 'Maricastaña'

2001: Vodas de sangue

Dramaturxia a partir da obra de García Lorca. Posta en escena pola Aula de Teatro Universitaria de Ourense 'Maricastaña'

2000: Un conto de inverno

Dramaturxia a partir da obra de William Shakespeare. Posta en escena pola Aula de Teatro Universitaria de Ourense 'Maricastaña'

2000: Publicación de Tics e Os soños de Caín

1999: O país das últimas cousas
Dramaturxia inspirada na novela homónima de Paul Auster. Posta en escena pola Aula de Teatro Universitaria de Ourense 'Maricastaña'

1999: Os soños de Caín
Co-escrita orixinal. Posta en escena por Sarabela Teatro

1998: Tics
Co-escrita orixinal. Posta en escena por Sarabela Teatro
Premio FETEN ao mellor texto orixinal

1998: No tempo do crepúsculo
Dramaturxia inspirada na obra 'Crimes exemplares' de Maz Aub. Posta en escena pola Aula de Teatro Universitaria de Ourense 'Maricastaña'

1998: Viva o Duque, o noso dono
Dramaturxia da obra de Alonso de Santos para o grupo Asubío de Caixa Galicia

1997: Retén
Dramaturxia da obra de Ernesto Caballero para o grupo Talía Teatro

1997: Tartufo
Dramaturxia da obra de Alonso de Santos para o grupo Asubío de Caixa Galicia

1997: Hamlet
Dramaturxia da obra de William Shakespeare. Posta en escena pola Aula de Teatro Universitaria de Ourense 'Maricastaña'

1996: Afección
Co-escrita orixinal. Posta en escena por Sarabela Teatro

1996: Terror e miseria da nación poderosa
Dramaturxia inspirada na obra 'Terror e miseria no III Reich' de Bertolt Brecht. Posta en escena pola Aula de Teatro Universitaria de Ourense 'Maricastaña'

1995: Os trasnos da noite
Escrita orixinal. Posta en escena por Sarabela Teatro

1995: Ubúrei
Dramaturxia da obra de Alfred Jarry. Posta en escena pola Aula de Teatro Universitaria de Ourense 'Maricastaña'

1994: A costa de Baialdo
Escrita propia. Posta en escena polo grupo Aturuxo do Concello de Ourense

1993: A Zapateira prodixiosa
Dramaturxia da obra de García Lorca. Posta en escena polo grupo Aturuxo do Concello de Ourense

1993: O exemplo da Señora Pot
Dramaturxia inspirada en 'Mockinpot' de Peter Weiss. Posta en escena polo grupo Eis da USC

1992: O réxime informa
Escrita propia. Publicada na Revista Ólisbos de Filoloxía da USC e posta en escena polo grupo Eis da USC

1989: Exercicios de Estilo
Dramaturxia inspirada na obra homónima de Raymond Queneau. Posta en escena polo Grupo Eis da USC

CONDICIÓNS TÉCNICAS PERSOAL EN XIRA

5 actores

AUDIENCIA

Maiores de 12 anos

ESPAZO DE ACTUACIÓN

Ancho: 8m./Fondo: 6m/ Alto: 4m.

POTENCIA DE LUZ

60.000 W

MAQUINARIA

Ciclorama negro de fondo

(pode aportalo a Compañía)

Toma trifásica con neutro a pé do escenario

VÍDEO

Proxector 3,500 lumens ou superior

MONTAXE

Reserva do espazo para descarga e estacionamento dun camión.

Presenza de persoal técnico do teatro durante a montaxe.

Tempo de montaxe: 8 h.

Tempo de desmontaxe: 2 h.

CARGA/DESCARGA

É imprescindible contar coa axuda de dúas persoas

á chegada e á saída.

TÉCNICOS

2 técnicos

A COMPAÑÍA

SARABELA TEATRO está situada na cidade de Ourense. Ademais da produción de espectáculos infantís e de adultos, desprega unha ampla actividade formativa, creativa e de dinamización.

Tamén organiza tres Mostras e Festivais (MOTI, MITEU e FITO), proxectos que impulsan o encontro intercultural e sitúanse no mapa internacional, sendo importantes referentes dentro e fóra das nosas fronteiras.

Recoñecida como unha das Compañías máis consolidadas de Galicia, SARABELA TEATRO leva 36 anos de traballo incesante nos que o seu compromiso maniféstase en cada un dos seus espectáculos.

Autores como Ionesco, Kundera, Mishima, S. Belbel, M. Rivas, Calderón, Lorca ou Blanco Amor, entre outros, deixaron pegadas inesquecibles nunha prolífica travesía que foi derivando cara á produción de textos de autoría propia con títulos como Tics, Margar non pazo do tempo ou Dáme Veleno.

Os seus últimos espectáculos: Pequenas certezas de Bárbara Colio, Ensaio sobre a cegueira de José Saramago, Normas para saber vivir na sociedade actual de Jean-Luc Lagarce, O secuestro da bibliotecaria de Fina Calleja e O Rei Morre, versión libre do texto de Eugène Ionesco, confirman o seu compromiso co teatro e cos espectadores.

● TRAXECTORIA:

- 2017: O REI MORRE, de Eugène Ionesco
- 2016: O SECUESTRO DA BIBLIOTECARIA, de Fina Calleja
- 2016: NORMAS PARA SABER VIVIR NA SOCIEDADE ACTUAL, de Jean-Luc Lagarce
- 2015: ENSAIO SOBRE A CEGUEIRA de José Saramago
- 2014: PEQUENAS CERTEZAS de Bárbara Colio
- 2014: O ÚLTIMO DRAGÓN de Fina Calleja
- 2013: A IDADE DA PAVÍA de Aristides Vargas.
- 2013: OS CANTARES DAS MUSAS de A. C. Bóveda (a partir de «El caballero de las botas azules» de Rosalía de Castro).
- 2012: A VIAXE A NINGUNHA PARTE adaptación da obra de F. Fernán Gómez).
- 2012: A VOAR adaptación de Fina Calleja.
- 2011: TANGO de Mrozek.
- 2010: O INCERTO SEÑOR DON HAMLET de Álvaro Cunqueiro.
- 2010: KONRAD de Christine Nöstlinger.
- 2009: A ESMORGA de E. Blanco Amor.
- 2008: DAME VENENO, EU TAMÉN SOÑAR de A. C. Bóveda.
- 2008: CÓSIMA de Chris Baldwin.
- 2007: MARGAR NO PAZO DO TEMPO de A. C. Bóveda.
- 2007: CRISTOVO E O LIBRO DAS MARABILLAS de Fina Calleja.
- 2006: MACBETH de Shakespeare
- 2005: O HEROE de M. Rivas.
- 2004: A GATA CON BOTAS versión de A. C. Bóveda.
- 2004: CARICIAS de Sergi Belbel.
- 2003: ASÍ QUE PASEN 5 ANOS de F. G. Lorca.
- 2002: A CONXURA DOS NECIOS versión de A. C. Bóveda.
- 2001: SEXISMUNDA, dramaturxia de B. Muñoz, Fina Calleja e Á. C. Bóveda.
- 2001: A ILLA AMARELA de Paloma Pedrero.
- 2000: O LAPIS DO CARPINTEIRO adaptación de A. C. Bóveda, Fina Calleja e Begoña Muñoz a partir da novela de M. Rivas).
- 1999: OS SOÑOS DE CAÍN de A. C. Bóveda, Fernando Dacosta, Carlos Couceiro e Begoña Muñoz.
- 1999: ROMANCE DE MICOMICÓN E ADHELALA.
- 1998: TICS de A. C. Bóveda, Fernando Dacosta, Carlos Couceiro e Begoña Muñoz.
- 1997: AFECCIÓN de A. C. Bóveda, Fernando Dacosta, Carlos Couceiro e Begoña Muñoz.
- 1996: A ESMORGA de E. Blanco Amor, adaptación de Carlos Couceiro e Begoña Muñoz.
- 1994: CAMA (2 X 2 PARA 2) de Sergi Belbel.
- 1993: XACOB E O SEU AMO de Milan Kundera.
- 1992: AS SILLAS de Ionesco.
- 1990: MADAME DE SADE de Mishima.
- 1989: SUPER-TOT de Benet i Jornet.
- 1988: XACOB E A SUBMISIÓN de Ionesco.
- 1987: O SANGUE DO TEMPO de García Pintado.
- 1986: A CONTRASICOANÁLISE OU MALIA TODO QUÉROTE PAPÁ de Helena Castro.
- 1985: O TRICICLO de Fernando Arrabal.
- 1984: HOXE DE HOXE DE MIL NOVECIENTOS HOXE de Antoniorrobles.
- 1983: A TUTA E A RAMONA de Villalonga.



- 1983: OS FALADORES de Cervantes.
- 1982: BARRIGA VERDE de Manuel María.
- 1982: POEMA NUCLEAR C.E.Ferreiro.
- 1981: O RELEVO de Gabriel Celaya.
- 1981: NOITE DE HÓSPEDES de Peter Weiss.
- 1980: FANDO E LIS de Fernando Arrabal.
- 1979: XAULAS, creación propia.
- 1979: MIMO, creación propia.

• PREMIOS:

Conta con 6 Premios Compostela; 40 María Casares; 5 Fetén; 1 Celestina. Foi finalista en dúas ocasións nos premios Max e en Teatralía. 1 Premio Max ao mellor texto: Dáme veleno, eu tamén soñar. Obtivo o premio do espectador no FIOT de Carballo.

Recibiu 5 premios de Honra: Xiria, Abrente, Palas de Rei, FETEGA e AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega) 2014. Premio Clara Campoamor 2015. Premio de Honra outorgado polo Festival Primavera de Cine en Vigo 2016

En 2016 foi distinguida co Premio da Cultura Galega nas Artes Escénicas.



SARABKILA
F A R O

